

## **BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DO PERSOAL ADSCRITO AO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA, ANUALIDADE 2020**

### **1. OBXECTO**

O obxecto desta convocatoria é a da contratación laboral temporal do seguintes postos para a participación no Programa de Integración Laboral, mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais, segundo a subvención concedida pola Deputación Provincial da Coruña, para o que se presentará, para cada categoría, oferta pública de contratación no Servizo Público de Emprego:

- 1 oficial 1ª albanelería
- 1 condutor/a
- 1 peón/a albanel
- 1 peón/a de aglomerado

A selección rexerese polas prescricións contidas nesta convocatoria, e naquilo que non se prevexa, polo TREBEP e pola LEPG, agás o relativo aos dereitos de exame que non se esixen na presente convocatoria.

En relación coa pandemia global que nos está a azoutar terase en conta a posible evolución dos acontecementos así como a nova normativa relativa que poida ir xurdindo relativa á COVID-19 que poida ser de aplicación.

Para tal fin, o Concello de Rianxo adoptará todas as medidas de prevención hixiénico-sanitarias requiridas para o desenvolvemento das actuacións presenciais, coa máxima garantía e para minimizar o risco de contaxio por COVID-19, de acordo coas indicacións das autoridades sanitarias.

### **2. MODALIDADE, DURACIÓN DOS CONTRATOS E XORNADA**

O modelo de contrato de traballo que se vai utilizar será de duración determinada eventual por circunstancias da produción.

A duración dos contratos non poderá superar o tempo establecido nos decretos de contratación e axustarase ao establecido na orde de subvención da Deputación da Coruña.

O contrato será pola xornada semanal completa.

O programa estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2020, polo que os contratos deberán rematar como máximo nesa data, xa que non poderán imputarse ao programa gastos realizados con posterioridade.

Estes contratos non se rexerán por ningún convenio sectorial; unicamente poderán acollerse ao establecido nas cláusulas da negociación colectiva municipal, de conformidade coa normativa vixente en tanto a contratante é a Administración pública.

### **3. REQUISITOS MÍNIMOS ESIXIDOS EN TODAS AS CATEGORÍAS PROFESIONAIS**

- a) Será requisito indispensable estar en situación de desemprego na data de inicio do proceso selectivo, circunstancia que deberá ser acreditada polas persoas aspirantes mediante a presentación da vida laboral
- b) As persoas que se contraten no programa deberán estar incluídas nalgunha das seguintes

situacións de exclusión laboral:

1. Mulleres, ao ter un diferencial de índice de paro rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.
  2. Maiores de 45 anos.
  3. Parados de longa duración. Para os efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo de dous anos como demandantes de emprego.
  4. Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola Administración competente, unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33%. A acreditación da discapacidade será comprobada polos concellos no proceso de selección das persoas que se presenten a esta convocatoria.
  5. Persoas en situación de drogodependencia.
  6. Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego.
  7. Persoas con fogar monoparental.
  8. Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
  9. Persoas vítimas de violencia de xénero.
  10. Persoas sen fogar.
- c) Os requisitos xerais esixidos para poder participar nos procesos selectivos segundo o establecido no artigo 56 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP):
1. Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do TREBEP
  2. Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas
  3. Ter cumpridos os 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa
  4. Non estar separada, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera Administración pública ou en calquera dos supostos que contempla o artigo 56.1.d do TREBEP. Presentará declaración responsable de que non foi separada, mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, das comunidades autónomas nin entidades locais, nin está inhabilitada para o exercicio de funcións públicas.
- d) Coñecemento da lingua galega: CELGA 2 ou equivalente
- e) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas inherentes ao posto, para o que terá que presentar a correspondente declaración de non incorrer en causas de incompatibilidade en relación ás tarefas que deberá realizar.
- f) Non estar incurso en causas de incompatibilidade, de conformidade co disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas

Antes de asinar o contrato de traballo temporal, a persoa interesada terá que facer constar que non ocupa ningún posto de traballo nin realiza ningunha actividade no sector público ou privado.

A Administración poñerá a disposición das persoas aspirantes un modelo de declaración (Anexo II), que se lles facilitará e deberán cubrir e entregar no momento no que se realice a proba escrita.

#### 4. SISTEMA DE SELECCIÓN, PROCESO

Segundo establece o parágrafo primeiro do artigo 7 das bases reguladoras da Deputación da Coruña, aprobadas na Resolución de Presidencia nº 2019/4062 de 01/02/2019, pola que se aproban as bases reguladoras do *Programa de Integración Laboral*, mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes, anualidade 2020, o concello poderá realizar a contratación do persoal a través do Servizo Público de Emprego e de acordo cos principios de publicidade, concorrencia, igualdade, mérito e non discriminación. Para tal fin esta entidade presentará unha oferta de emprego para cada categoría profesional, na oficina de emprego de Boiro, nos modelos normalizados para o efecto. Isto sen prexuízo de que este concello, co gallo de cumprir cos principios que deben rexer toda selección, lle dea a oportuna publicidade para garantir a concorrencia.

#### 5. SISTEMA DE SELECCIÓN, NORMAS COMÚNS PARA TODAS AS CATEGORÍAS

##### PRECAUCIÓNS ADICIONAIS DE CARA A EVITAR CONTAXIOS POLA COVID-19

##### 1.1. MEDIDAS DE PROTECCIÓN PARA O TRIBUNAL CUALIFICADOR E PERSOAS ASPIRANTES

A Organización Mundial da Saúde, con data 16 de abril de 2020, definiu a necesidade de minimizar os riscos en lugares con alto potencial de contaxio como lugares pechados e lugares públicos onde se produza concentración de persoas ou sexa complicado manter a distancia de seguridade, polo que se establecen as seguintes normas de obrigado cumprimento no citado proceso de selección:

As persoas que accedan ás instalacións municipais deberán adoptar as medidas adecuadas para protexer a súa saúde e evitar contaxios, así como cumprir as recomendacións das autoridades sanitarias, mantendo a correspondente distancia social, tanto nos circuitos de entrada/ saída do proceso selectivo como en calquera outra dependencia e espazo de uso público.

Nos ditos espazos o tribunal cualificador e as persoas usuarias deberán manter unha distancia mínima de seguridade de dous metros, tanto entre elas como respecto doutras persoas que puideran acceder ao edificio.

Habilitaranse mecanismos de control de acceso nas entradas dos locais. Este control de acceso debe garantir o cumprimento estrito do aforo máximo calculado para esta situación extraordinaria. O aforo máximo deberá permitir cumprir coas medidas extraordinarias ditadas polas autoridades sanitarias, concretamente co requisito de distancias de seguridade.

Será obrigatorio o uso de máscaras segundo o recollido na Orde SND/422/2020, do 19 de maio, pola que se regulan as condicións para o uso obrigatorio de máscara durante a situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.

As persoas aspirantes desinfectarán as mans ou as luvas con solución hidroalcohólica ou desinfectantes con actividade viricida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade que se lle proporcionarán no centro. Con esta finalidade habilitarase un espazo debidamente sinalizado nas zonas de acceso onde se situarán os ditos materiais desinfectantes.

Non compartir elementos básicos (bolígrafos, grampadoras, etc.). se é imprescindible o compartir elementos, débense desinfectar e hixienizar despois de cada uso.

Limitarase o uso dos ascensores para garantir as distancias de seguridade.

Teranse en consideración as necesidades das persoas con algún tipo de discapacidade.

##### 1.2. LIMPEZA E DESINFECCIÓN

Limparanse e desinfectaranse as instalacións, mobiliario e ferramentas de traballo usados polas

persoas aspirantes e polo tribunal.

Nas tarefas de limpeza prestarase especial atención ás zonas de uso común e ás superficies de contacto máis frecuentes (como mostrador, pomos de portas, mesas, mobles, pasamáns ou calquera outro elemento que se considere necesario).

Utilizaranse desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) recentemente preparada ou calquera dos desinfectantes con actividade viricida que se atopan no mercado que foron autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade. No uso dese produto respectaranse as indicacións da etiqueta.

### **5.1 Oposición (Puntuación máxima: 20 puntos)**

O tribunal comprobará a identidade das persoas candidatas antes do inicio de cada proba, para o cal as persoas candidatas deberán acudir provistas do DNI ou, no seu defecto, pasaporte ou carné de conducir orixinais, ou documento equivalente. Serán excluídas da proba aquelas persoas quen non poidan acreditar a súa identidade.

A parte de oposición constará dos exercicios que se indican nas bases específicas (Anexo I), coa excepción da proba de galego, que será a seguinte:

#### Exercicio de lingua galega: cualificación de APTA ou NON APTA

O tribunal comprobará a identidade das persoas candidatas antes do inicio de cada proba, para o cal deberán acudir provistas do DNI ou, no seu defecto, pasaporte ou carné de conducir orixinais, ou documento equivalente. Serán excluídas da proba aquelas persoas que non poidan acreditar a súa identidade.

Este exercicio realizarano as persoas aspirantes que superen as dúas probas anteriores e que non estean exentas da realización deste, é dicir, que non conten co certificado expedido polo órgano competente.

Estarán exentas de realizar este exercicio as persoas aspirantes que acrediten, mediante fotocopias que posúen o Celga 2 ou o equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo).

A documentación relativa ao coñecemento do galego será presentada no Rexistro Xeral do Concello a partir do mesmo día de publicación da correspondente Acta de valoración da fase de oposición por parte do Tribunal e dentro do prazo indicado na mesma. Tamén poderá ser presentada na forma que determina o artigo 16 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das Administracións Públicas; neste caso os concursantes deberán comunicalo mediante telefax ( 981 866628) ou e-mail ([emprego@concelloderianxo.gal](mailto:emprego@concelloderianxo.gal)) durante o mesmo prazo de presentación da documentación.

Se conforme ao indicado se presentan a través das oficinas de correos, deberá aparecer o selo na propia solicitude. Doutro modo, a data de anotación no Rexistro xeral será a que se teña en conta a tódolos efectos.

Considerando a situación excepcional na que nos atopamos, recoméndase ( se ben non é obrigatorio) a presentación da citada documentación de forma telemática considerando que a presentación presencial poida que se vexa “entorpecida” por limitacións de aforo nas oficinas municipais de Rexistro en atención ás medidas adoptadas con motivo do COVID-19, se ben, reitérase a posibilidade de presentación por calquera das vías enunciadas anteriormente.( artigo 16 da Lei 39/2015).

O tribunal cualificador convocará as persoas candidatas que non acreditaran posuír o diploma,

certificado ou curso que acredite o grao de coñecemento do idioma galego, á realización dunha proba oral, de carácter eliminatorio, a través da cal poidan acreditar tal coñecemento.

Este exercicio consistirá na realización dunha proba oral, de carácter eliminatorio, na que poidan demostrar tal coñecemento: manter unha conversa no idioma galego na que a persoa aspirante amose a súa competencia en lingua galega.

Corresponderalle ao tribunal determinar o tempo necesario para que a realización da dita proba sexa válida e o nivel de coñecementos esixidos para acadar o resultado de apta/o.

A proba será gravada por medios técnicos ou calquera outros que permitan deixar constancia ou soporte documental desta para os efectos oportunos.

A actuación das persoas candidatas levarase a cabo por orde alfabética, segundo o establecido no sorteo publicado na resolución do 24 de xaneiro de 2019 da Consellería de Facenda, que establece, para o presente ano, comezar por aquelas persoas cuxo primeiro apelido comece pola letra “Q”.

As persoas candidatas serán convocadas nun único chamamento que se fará público a través do taboleiro de anuncio do concello, sendo excluídas as que non comparezan, excepto nos casos debidamente xustificadas e libremente apreciadas polo tribunal.

## 5.2 Concurso (Puntuación máxima: 3 puntos)

Nesta fase só se avaliará a aquelas persoas que superen a fase de oposición.

A documentación do concurso será presentada no Rexistro Xeral do Concello a partir do mesmo día de publicación da correspondente Acta de valoración da fase de oposición por parte do Tribunal e dentro do prazo indicado na mesma. Tamén poderá ser presentada na forma que determina o artigo 16 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das Administracións Públicas; neste caso os concursantes deberán comunicalo mediante telefax (981 866628) ou e-mail ([emprego@concelloderianxo.gal](mailto:emprego@concelloderianxo.gal)) durante o mesmo prazo de presentación da documentación.

Se conforme ao indicado se presentan a través das oficinas de correos, deberá aparecer o selo na propia solicitude. Doutro modo, a data de anotación no Rexistro xeral será a que se teña en conta a tódolos efectos.

Considerando a situación excepcional na que nos atopamos, recoméndase ( se ben non é obrigatorio) a presentación da citada documentación de forma telemática considerando que a presentación presencial poida que se vexa “entorpecida” por limitacións de aforo nas oficinas municipais de Rexistro en atención ás medidas adoptadas con motivo do COVID-19, se ben, reitérase a posibilidade de presentación por calquera das vías enunciadas anteriormente.( artigo 16 da Lei 39/2015).

A fase de concurso non terá carácter eliminatorio e a puntuación obtida nela non poderá aplicarse para superar os exercicios da fase de oposición.

Só serán baremables os méritos adquiridos ata o día, inclusive, da realización da proba escrita.

Teranse en conta as seguintes indicacións:

- O apartado de formación acreditarase mediante fotocopia dos títulos ou diplomas estendidos ou certificacións expedidas polo organismo ou centro correspondente, coa expresión do curso realizado e do número de horas.*
- O apartado de carné de conducir acreditarase cunha copia do documento acreditativo vixente.*
- A experiencia profesional na categoría deberá acreditarse conxuntamente por medio de informe da vida laboral, expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, e coa*

*fotocopia dos contratos de traballo. No caso de ter traballado nalgunha Administración pública, as copias dos contratos de traballo poderán ser substituídas por medio dun certificado da Administración contratante do tempo traballado na categoría correspondente.*

## 6. SELECCIÓN DAS PERSOAS CANDIDATAS

O Tribunal formado como prescribe o artigo 60 da Lei 7/2007 do 12 de abril, efectuará a selección conforme se describe no punto quinto destas bases.

As persoas integrantes deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocadora, cando neles concorran circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. As persoas aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando se dean calquera das citadas circunstancias.

O tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus integrantes, titulares ou suplentes indistintamente, debendo estar presente, en todo caso, o/a presidente/a e o/a secretario/a ou quen legalmente os/as substitúa.

O tribunal, na súa actuación, axustarase ao establecido nas presentes bases; no non disposto seralle de aplicación a normativa prevista para a formación da vontade dos órganos colexiados, tanto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, como na demais normativa de aplicación.

Unha vez remate o proceso de selección, o tribunal relacionará as persoas aspirantes en orde de maior a menor puntuación e proporalle a listaxe ao Sr. Alcalde para a realización das oportunas contratacións.

No caso de que a persoa aspirante non reunise os requisitos necesarios para a contratación, poderá ser substituída pola seguinte da listaxe ata a finalización do que resta do programa de contratación, de ser o caso, situación que tamén poderá suceder no caso de ser necesario cubrir algunha praza por razóns de baixa, enfermidade, etc., para o que se utilizará a modalidade de contratación laboral apropiada para cada suposto.

De producirse empates, estes resolveranse atendendo sucesivamente aos seguintes criterios:

- a) Maior puntuación na fase de oposición
- b) Maior puntuación no concurso
- c) No caso de persistir o empate, terán preferencia as mulleres por tratarse dun sector con sub-representación feminina, ao abeiro do artigo 37 da Lei 7/2004 para a igualdade de mulleres e homes
- d) En último lugar, resolverase mediante sorteo público

## 7. CHAMAMENTOS ÁS PERSOAS ASPIRANTES

Os chamamentos faranse polo medio máis urxente que permita ter a constancia da súa recepción. Nos supostos nos que a necesidade de cobertura dun posto non fose previsible coa antelación suficiente ou polas circunstancias concorrentes no proceso de chamamentos debidamente acreditadas, fose necesario a súa cobertura de xeito urxente para evitar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo público, o chamamento poderá realizarse telefonicamente, sen prexuízo da entrega da comunicación escrita no momento da súa incorporación.

## 8. INTERPRETACIÓN DAS BASES

O tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e adoptar os acordos necesarios para a boa orde do proceso de selección en todo o non previsto nestas bases.

## 10. IMPUGNACIÓN

A convocatoria, bases e actos administrativos derivados da mesma serán recorribles nos termos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Se os días de finalización dalgún prazo ou actuación obrigada destas bases fosen festivo ou sábado, pasarase ao seguinte día hábil.

## 11 AMPLIACIÓN DO NÚMERO DE PERSOAS A CONTRATAR

Inicialmente estaba previsto que o persoal resultante deste proceso estivera contratado desde finais de maio e ata o 31 de decembro de 2020, data na que necesariamente ten que rematar o programa.

Debido ao anterior, e ao tempo que se vai tardar en rematar este proceso, non vai a ser posible rematar as tarefas previstas e tampouco se utilizará a totalidade do importe subvencionado.

Así é necesario contratar unha segunda persoa do proceso correspondente a peón albanel durante o tempo que sexa posible en función do crédito orzamentario existente.

## ANEXO I

### Bases específicas da convocatoria de 1 OFICIAL 1ª ALBANEL

#### REQUISITOS MÍNIMOS

- As persoas aspirantes a esta categoría profesional deberán contar cun mínimo de 2 anos de experiencia profesional ou estar en posesión do certificado de profesionalidade de Nivel 2 “Fábricas de albanelería” ou de “Pavimentos de albanelería e urbanización”, ou equivalente.
- Non ter sido condenada por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e identidade sexual, que inclúa a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual, e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos.

#### TEMARIO DA FASE DE OPOSICIÓN

1. Coñecemento do termo municipal.
2. Diferentes tipos de albanelería. Maquinaria pesada e maquinaria manual. Características e usos.
3. Ferramentas de albanelería. Ferramentas manuais, tipos e usos.
4. Ladrillos, tipos e medidas. Tellas. Áridos empregados en albanelería. Áridos naturais e artificiais. Características que deben reunir. Tipo, tamaños e granulometrías.
5. Bordos: materiais e dimensións máis frecuentes. Formas de colocación.
6. Pavimentación de beirarrúas. Pavimentos continuos e descontínuos. Lastras. Baldosas e terrazos. Pedra natural.
7. Saneamento. Materiais das tubaxes e diámetros máis frecuentes. Arquetas e pozos de rexistro. Sumidoiros.
8. Obrigas dos traballadores en materia de prevención de riscos. Nocións básicas sobre normas de seguridade nas obras de construción. Prevención de accidentes. Elementos de seguridade.
9. Disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

#### OPOSICIÓN

##### EXAME TIPO TEST (20 puntos)

Este exercicio terá carácter eliminatorio, e, para superalo, será necesario obter, cando menos, a metade da puntuación máxima prevista neste.

Consistirá en contestar por escrito a un cuestionario tipo test de 20 preguntas, con respostas alternativas, durante un período de 30 minutos. Estas estarán baseadas no contido do programa que se xunta no Anexo I para cada convocatoria. Nesta proba cada resposta incorrecta penalizará a terceira parte da puntuación de cada pregunta acertada.

As persoas aspirantes deberán permanecer na sala ata o remate do tempo establecido para a realización desta proba, salvo que o tribunal autorice a súa saída.



CONCURSO-VALORACIÓN DE MÉRITOS (PUNTUACIÓN MÁXIMA: 3 PUNTOS)

1) Carné de conducir B: 1 punto

2) Cursos de formación relacionados co posto de traballo e/ou prevención de riscos laborais impartidos por calquera entidade, programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral, organizados ou financiados polas Administracións Públicas:

1. De 20 a 60 horas: 0,25 puntos
2. De 61 a 150 horas: 0,50 puntos
3. Máis de 150 horas: 1 punto

Puntuación máxima: 1,50 puntos

3) Coñecemento do galego (só se valorará o de maior puntuación):

1. Celga 3 ou equivalente: 0,25 puntos
2. Celga 4, equivalente ou superior: 0,50 puntos

Segundo o establecido na disposición adicional segunda da orde do 16 de xullo de 2007 (DOG núm. 146 do 30 de xullo de 2007), para o acceso e a valoración de méritos na función pública terá a mesma validez posuír as certificacións de aptitude dos cursos de lingua galega regulados na Orde do 1 de abril de 2005 (oral, iniciación e perfeccionamento) que as certificacións de aptitude dos Celga.

## Bases específicas da convocatoria para a listaxe de 1 CONDUTOR/A

### REQUISITOS MÍNIMOS

- Carné de conducir C + CAP
- Non ter sido condenada por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e identidade sexual, que inclúa a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual, e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos.

### TEMARIO DA FASE DE OPOSICIÓN

1. Coñecemento do termo municipal.
2. O engraxamento: aceites, a súa finalidade e tipos. Sistemas de engraxamento. Cambio de aceites ventilación. Filtrado. Refrixeración no vehículo: funcións, distintos tipos de refrixeración e o seu coñecemento
3. A transmisión: caixa de cambios. Árbore de transmisión. Diferencial. Palieres.
4. Presión de inflado. Desgaste, factores que modifican o rendemento dos pneumáticos.
5. Dotación dos vehículos: placas, sinais, distintivos nos vehículos, accesorios e repostos, e ferramentas que deben levar os vehículos a motor.
6. Seguridade nos vehículos: elementos de seguridade nos vehículos. A seguridade activa. A seguridade pasiva. A distancia de freado, concepto e elementos do vehículo que nela inflúen. Seguridade na condución: a observación, a anticipación.
7. Factores que inflúen nas aptitudes do/a condutor/a: a fatiga, o sono, a tensión, o tabaco, medicamentos, estupefacientes e substancias psicotrópicas.
8. Prevención de riscos laborais.
9. Disposicións legais da comunidade autónoma de Galicia en materia de igualdade.

### OPOSICIÓN

#### EXAME TIPO TEST (20 puntos)

Este exercicio terá carácter eliminatorio, e, para superalo, será necesario obter, cando menos, a metade da puntuación máxima prevista neste.

Consistirá en contestar por escrito a un cuestionario tipo test de 20 preguntas, con respostas alternativas, durante un período de 30 minutos. Estas estarán baseadas no contido do programa que se xunta no Anexo I para cada convocatoria. Nesta proba cada resposta incorrecta penalizará unha terceira parte da puntuación de cada pregunta acertada.

As persoas aspirantes deberán permanecer na sala ata o remate do tempo establecido para a realización desta proba salvo que o tribunal autorice a súa saída.

CONCURSO-VALORACIÓN DE MÉRITOS (PUNTUACIÓN MÁXIMA: 3 PUNTOS)

1) Curso de prevención de riscos laborais (de 30 horas ou mais): 1 punto

2) Cursos de formación relacionados co posto de traballo e/ou prevención de riscos laborais (ncluida a autorización para o transporte de mercadorías perigosas) impartidos por calquera entidade, programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral, organizados ou financiados polas Administracións Públicas:

4. De 20 a 60 horas: 0,25 puntos
5. De 61 a 150 horas: 0,50 puntos
6. Máis de 150 horas: 1 punto

Puntuación máxima: 1,50 puntos

3) Coñecemento do galego (só se valorará o de maior puntuación):

1. Celga 3 ou equivalente: 0,25 puntos
2. Celga 4, equivalente ou superior: 0,50 puntos

Segundo o establecido na disposición adicional segunda da orde do 16 de xullo de 2007 (DOG núm. 146 do 30 de xullo de 2007), para o acceso e a valoración de méritos na función pública terá a mesma validez posuír as certificacións de aptitude dos cursos de lingua galega regulados na Orde do 1 de abril de 2005 (oral, iniciación e perfeccionamento), que as certificacións de aptitude dos Celga.

## Bases específicas da convocatoria para a listaxe de 1 PEÓN ALBANEL E 1 PEÓN DE AGLOMERADO

### REQUISITOS MÍNIMOS

- Non ter sido condenada por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e identidade sexual, que inclúa a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual, e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos.

### TEMARIO DA FASE DE OPOSICIÓN

1. Coñecemento do termo municipal.
2. Diferentes tipos de albanelería. Maquinaria pesada e maquinaria manual. Características e usos.
3. Ferramentas de albanelería. Ferramentas manuais, tipos e usos.
4. Ladrillos, tipos e medidas. Tellas. Áridos empregados en albanelería. Áridos naturais e artificiais. Características que deben reunir: tipo, tamaños e granulometrías.
5. Bordos: materiais e dimensións máis frecuentes. Formas de colocación.
6. Pavimentación de beirarrúas. Pavimentos continuos e descontínuos. Lastras. Baldosas e terrazos. Pedra natural.
7. Saneamento. Materiais das tubaxes e diámetros máis frecuentes. Arquetas e pozos de rexistro. Sumidoiros.
8. Obrigas do persoal en materia de prevención de riscos. Nocións básicas sobre normas de seguridade nas obras de construción. Prevención de accidentes. Elementos de seguridade.
9. Disposicións legais da comunidade autónoma de Galicia en materia de igualdade.

### OPOSICIÓN

#### EXAME TIPO TEST (20 puntos)

Este exercicio terá carácter eliminatorio, e, para superalo, será necesario obter, cando menos, a metade da puntuación máxima prevista neste.

Consistirá en contestar por escrito a un cuestionario tipo test de 20 preguntas, con respostas alternativas, durante un período de 30 minutos. Estas estarán baseadas no contido do programa que se xunta no Anexo I para cada convocatoria. Nesta proba cada resposta incorrecta penalizará a terceira parte da puntuación de cada pregunta acertada.

As persoas aspirantes deberán permanecer na sala ata o remate do tempo establecido para a realización desta proba salvo que o tribunal autorice a súa saída.

CONCURSO-VALORACIÓN DE MÉRITOS (PUNTUACIÓN MÁXIMA: 3 PUNTOS)

1) Carné de conducir B. Puntuación: 1 puntos

2) Cursos de formación relacionados co posto de traballo e/ou prevención de riscos laborais impartidos por calquera entidade, programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral, organizados ou financiados polas Administracións Públicas:

7. De 20 a 60 horas: 0,25 puntos
  8. De 61 a 150 horas: 0,50 puntos
  9. Máis de 150 horas: 1 punto
- Puntuación máxima: 1,50 puntos

3) Coñecemento do galego:

*(só se valorará o de maior puntuación)*

1. Celga 3 ou equivalente: 0,25 puntos
2. Celga 4 ou superior ou equivalente: 0,50 puntos

Segundo o establecido na disposición adicional segunda da orde do 16 de xullo de 2007 (DOG núm. 146 do 30 de xullo de 2007), para o acceso e a valoración de méritos na función pública terá a mesma validez posuír as certificacións de aptitude dos cursos de lingua galega regulados na Orde do 1 de abril de 2005 (oral, iniciación e perfeccionamento) que as certificacións de aptitude dos Celga.